# *CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO*, III

(Cadernos galegos de pensamento e cultura)

***Bibliografía e hemerografía de Ramón Piñeiro: unha contribución***

Luís Alonso Girgado
María Cuquejo Enríquez
Teresa Monteagudo Cabaleiro

**CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO**
**(Cadernos galegos de pensamento e cultura)**

**Directores:**
Luís Alonso Girgado
Ramón López Vázquez

**Consello asesor:**
Xesús Ferro Ruibal
Xosé Manuel García Iglesias
Anxo González Fernández
Ramón Mariño Paz
Anxo Tarrío Varela
Andrés Torres Queiruga

**Edita:**
XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA

CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA A
INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

**Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria:**
CELSO CURRÁS FERNÁNDEZ

**Director Xeral de Política Lingüística:**
XESÚS P. GONZÁLEZ MOREIRAS

**Coordinador científico**
MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

**Ilustración da cuberta:**
BALDO RAMOS (“Deshabitada espera”, detalle)

**Imprime:**
Gráficas ATV

**ISBN:**
84-453-3676-2

**Depósito Legal:**
C-2459-2003

# ÍNDICE

*O labor publicístico de Ramón Piñeiro. . . . . . . . . . . . . . .9*

*Bibliografía e hemerografía de Ramón Piñeiro*

*I. Libros. . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . .11*

*II. Epistolarios. . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . .19*

*III. Colaboracións en libros de autoría colectiva. . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . .23*

*IV. Prólogos, limiares e edicións. . . . . . . . . . . . . . .29*

*V. Traduccións. . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . .33*

*VI. Colaboracións en revistas e xornais . . . . . . . . .37*



*Ramón Piñeiro López (1915 - 1990)*

# O labor publicístico de Ramón Piñeiro.

O día 12 de setembro de 1949, no nº 5 do Suplemento del Sábado do vespertino *La Noche* de Santiago de Compostela, aparecía un artigo de cuarto de páxina a dúas columnas, "A poesía de Luis Pimentel", asinado por un descoñecido Luis Veiga do Campo, pseudónimo que agachaba o nome de Ramón Piñeiro López, quen volvería unha e outra vez sobre o seu admirado paisano, de obra breve e selecta e delicada palabra poética. Foi este o primeiro artigo de Ramón Piñeiro que, de forma máis ou menos esporádica, non deixaría de publicar ata pouco antes do seu pasamento en 1990. Curiosamente, o Día das Letras dese ano estivo dedicado a Pimentel e Ramón Piñeiro fixo a edición do libro co que a Real Academia Galega homenaxeou o poeta e colaborou tamén na *Fotobiografía* que Edicións Xerais publicou en Vigo.

As múltiples empresas e iniciativas galeguistas acometidas ou propiciadas por Ramón Piñeiro determinaron a limitada extensión da súa obra escrita, vertida nun par de libros da súa autoría, en colaboración noutros de autoría plural ou colectiva e, finalmente, naquelas ducias de achegas en distintos medios da prensa escrita. A todo iso hai que engadir algúns prólogos e, sobre todo, un vasto material epistolar que nalgúns casos fixo público, noutros casos pensou publicar –segundo declaración de Carlos Casares– ou ben foi dado a coñecer por íntimos amigos como Francisco Fernández del Riego.

En calquera caso, a situación real a día de hoxe é que a bibliografía e a hemerografía de Ramón Piñeiro están por recompilar e estas páxinas dos *Cadernos* que levan o seu nome queren contribuír a corrixir tal situación. Co rigor que nos foi posible, pero tamén con modestia e sen pretensións de exhaustividade, presentamos esta contribución biblio-hemerográfica que recolle case todo –pero non todo– o que o escritor publicou. A parte que falta, un dez por cento do total (probablemente menos), está esparexida por publicacións periódicas de difícil acceso ou que, pola súa andaina cronolóxica, precisan un tempo de consulta que atrasaría moito esta publicación e que, con seguridade, non engadiría novidades substanciais. Sen embargo, é o noso propósito completar definitivamente esta recompilación nunha posterior entrega destes *Cadernos*.

Un factor debemos ter moi en conta: a recorrencia ou multiplicación publicística de boa parte destes escritos, que en anos diversos vemos reeditados ou reproducidos en libros, xornais, revistas e escolmas diversas. Pola nosa conta, tentamos localizar a fonte inicial e anotar –se existiran– as posteriores. Entendemos así mesmo que a ordenación do material en distintos apartados e as referencias cronolóxicas facilitarán as consultas dos lectores interesados.

# I. Libros.

*Dos ensayos sobre la saudade*, Bos Aires: Ed. Alén-Mar, 1961. [Reúne "Significado metafísico de la saudade" e "Para una filosofía de la saudade" en tradución ó castelán de Celestino Fernández de la Vega].

*A linguaxe i as língoas*,[1] ("Discurso lido o día 25 de novembro de 1967 no acto da súa recepción pública da Real Academia Galega, e resposta de don Domingo García-Sabell"), Vigo: Galaxia, 1967. (Colección Biblioteca de Autores Galegos, nº 32) Aparece unha nova edición en Vigo: Diario 16 de Galicia, 1992; posteriormente edítase unha edición facsimilar conmemorativa con motivo da inauguración da sede do Consello da Cultura Galega en Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 1994 e finalmente recóllese unha reedición parcial –das pp. 23-36– en Gonzalo Constenla Bergueiro (ed.), *Ensaio sociolingüísti-*

[1] Este discurso de Ramón Piñeiro foi editado, como gravación sonora, polo Consello da Cultura Galega en 1994. Figura entre os materiais do Arquivo Sonoro de Galicia e a súa edición gravada estivo coordinada por Alfonso Vázquez Monxardín. Fai o número 3 da colección *As Nosas Voces*. Unha análise do discurso aparece en: "A linguaxe e as linguas: Ramón Piñeiro revisitado ós 30 anos do seu ingreso na Real Academia Galega". (Discurso lido o día 24 de outubro de 1998, no acto da súa recepción, polo ilustrísimo señor Antón Santamarina Fernández; e resposta do ilustrísimo señor Xesús Alonso Montero). A Coruña: Real Academia Galega, 1998.

co. *Antoloxía*, Vigo: A Nosa Terra / ASPG, 1997. (Colección A Nosa Literatura, nº 44)].

*Olladas no futuro*, Vigo: Galaxia, 1974. [Reúne un total de corenta e oito artigos e cartas que xa foran publicados en xornais e revistas entre os anos 1949-1973: "O libro que nos debe Ánxel Fole" (1949), "A poesía de Luís Pimentel" (1950), "Castelao" (1950), "Carta a Álvaro Cunqueiro, trovador galego, falándolle dos males presentes de Europa e do seu remedio, desde a ladeira dun castro lugués" (1951), "Unamuno visto por nós" (1951), "A língua, sangue do espírito" (1952), "Carta a Pedro Abuín. Das tres maneiras de dialogar e das dúas maneiras de entender a cultura" (1952), "Carta a Ana Campos sobre Teixeira de Pascoães e Galicia" (1953), "A evolución do celtismo galego" (1953), "Un poema da emigración" (1953), "Os valores da adolescencia" (1953), "Otero Pedrayo, orador" (1954), "Trascendencia social do idioma" (1954), "Tres imáxens de Galicia" (1954), "O primeiro clásico galego" (1954), "Ramón Cabanillas" (1954), "Carta a Jacinto do Prado Coelho sobre a significación galego-portuguesa de Rosalía" (1955), "A emigración, vista desde Galicia" (1956), "A defensa do idioma, vencello espiritoal de tódolos galegos" (1956), "Carta a Daniel Cortezón" (1956), "Carta a Leonor e Francisco da Cunha Leão sobre a persoalidade e a obra de Otero Pedrayo" (1958), "Factores esenciáis da Literatura Galega" (1959), "Individualismo, particularismo, cooperativismo" (1959), "As clases sociáis en Galicia" (1959), "Lembrando a Luís Pimentel" (1960),

"Galeguismo" (1960), "Factores de diferenciación social" (1960), "Galicia e Rosalía na poesía de Luís Pimentel" (1960), "A hora dos técnicos e dos economistas" (1960), "Industrialización e industrialismo" (1961), "Autoconciencia" (1962), "Un século de renacer cultural" (1963), "As tres épocas de Vicente Risco" (1963), "Antón Villar Ponte" (1964), "Galicia nos estudos luso-brasileiros" (1966), "Carta a Marcia Andersen" (1966), "Historia, cultura, economía" (1968), "Carta a Jean Pierre García" (1968), "O pensamento galego" (1968), "Xohán Vicente Viqueira" (1969), "No vinte aniversario da morte de Castelao" (1970), "Unha nova revolución na nosa língua" (1970), "Carta a Ánxel Fole" (1970), "Algunhas notas sobre a realidade humana de Galicia" (1970), "A arte de Castelao" (1971), "O menosprecio social da língua" (1972) e "Carta a don Manuel Rodrigues Lapa" (1973).

O volume foi reeditado parcialmente baixo o título "Mínima muestra antológica de textos piñeiranos", en *Galicia en Madrid*, nº 39, 1991, pp. 13-19 e posteriormente na recompilación de traballos do autor realizada por Gonzalo Constenla Bergueiro (ed.), *Ensaio sociolingüístico: Antoloxía*, Vigo: A Nosa Terra / ASPG, 1997, pp. 33-41 e 83-87 [editado no nº 44 da Colección A Nosa Literatura].

*Lembrando a Castelao*, Santiago de Compostela: SEPT, 1975 [Colección Cadernos populares. Texto cuatrilingüe en galego, castelán, catalán e euskera].

*Filosofía da saudade*, Vigo: Galaxia, 1984. [Reúne un total de cinco estudios dados a coñecer entre 1951

e 1975: "A filosofía e o home" foi a achega de Ramón Piñeiro ó I Congreso Nacional de Filosofía celebrado en Braga no ano 1955; "Significado metafísico da saudade" publicouse na *Colección Grial*, nº 1, en maio de 1951 e mais na *Revista filosófica* (Coímbra) en xullo do mesmo ano co título de "Presencia de Galicia"; "Para unha filosofía da saudade" é un dos ensaios que recolle o volume *La Saudade* publicado por Galaxia en 1953 e no que varios autores ofrecen os seus estudios e análises sobre o tema; "Saudade e sociedade, dimensións do home" viu a luz como conferencia dentro do ciclo "Galicia e o home galego" organizado por Álvaro Cunqueiro en Vigo en 1975; "A saudade en Rosalía" é a contribución de Piñeiro que, xunto coa doutros estudiosos, conforma o volume que sobre o tema se publica en 1952 na editorial Galaxia. Editado posteriormente por *La Voz de Galicia*, A Coruña, 2001. [Colección Biblioteca Galega 120, nº 64].

*Fermín Penzol*, Vigo: Galaxia, 2001. [Minilibro. Edición non venal. Reproduce o artigo "A personalidade política de Fermín Penzol" publicado en *Grial*, nº 73, Vigo, xullo-setembro de 1981. Monográfico dedicado a Fermín Penzol, pp. 279-288].

*Galicia*, Vigo: Galaxia, 2001. [Minilibro. Edición non venal. Leandro García Bugarín traduce ó galego o texto da voz "Galicia" que Ramón Piñeiro redactara para a *Gran Enciclopedia Gallega*, Santiago - Xixón: Silverio Cañada, tomo XV, 1974, pp. 27-34].

*Da miña acordanza. Memorias*, Vigo, Galaxia / Fundación Caixa Galicia, 2002. [Leva este libro,

de carácter póstumo, unha "Introducción necesaria" de Carlos Casares, que preparou a súa edición. Á parte escrita por Ramón Piñeiro (pp. 13-33) e publicada xa en *Grial*, nº 111 (1991), monográfico dedicado a Ramón Piñeiro, engádese a transcrición das conversas deste con Carlos Casares, que ordenou "os seus parlamentos por orde cronolóxica" (p. 11)].




En *Olladas no futuro* recolleu case medio cento de artigos publicados entre 1949 e 1973.




A saudade é o tema de reflexión dos cinco estudios reunidos neste libro.

## II. Epistolarios.[2]

"Cartas" en *Grial*, nº 111, xullo-setembro de 1991, pp. 397-462. [Abrangue un total de nove cartas de Ramón Piñeiro: dúas a Rodolfo Prada, catro a Rof Carballo e unha a Celestino Fernández de la Vega, José Luis Allué Andrade e Luís Seoane repectivamente].

*Cartas para os amigos*, Santiago de Compostela: ed. Compostela / *El Correo Gallego*, 1992. [Limiar, escolma e edición de Carlos Casares. Abrangue este volume, de carácter non venal, un conxunto de seis cartas dirixidas a Álvaro Cunqueiro, Pedro Abuín, Jacinto do Prado Coelho, Leonor e Francisco da Cunha Leão, Ánxel Fole e Manuel Rodrigues Lapa, que xa foran publicadas no volume recompilatorio *Olladas no futuro* en 1974].

"Cartas de Ramón Piñeiro a Matilde Albert de Robatto" en *La Torre*, nº 10, Porto Rico, outubro-decembro de 1998, pp. 899-920.

Francisco Fernández del Riego, *Un epistolario de Ramón Piñeiro*, Vigo: Galaxia, 2002. [Edición, prólogo e

[2] Cartas soltas a distintos destinatarios foron publicadas por Ramón Piñeiro nas páxinas de publicacións periódicas como *Colección Grial*, *Grial* ou *Galicia Emigrante*. Incorporou tamén nove textos epistolares ás páxinas de *Olladas no futuro* (1974). Algunhas cartas aparecen reproducidas en dúas ou máis fontes diferentes.

escolma de F. Fernández del Riego. Contén a correspondencia de Ramón Piñeiro a Fernández del Riego. Son un total de 405 cartas, en xeral de breve extensión, escritas por Ramón Piñeiro entre 1948 e 1970].




Máis de catrocentas cartas integran este epistolario do que é destinatario Fernández del Riego.




Carlos Casares reúne aquí seis significativas mostras epistolares do seu mestre e amigo.

## III. Colaboracións en libros de autoría colectiva.

"A saudade en Rosalía", en *7 ensayos sobre Rosalía*, Vigo: Galaxia, 1952, pp. 95-109. [Colaboran no volume Ricardo Carballo Calero, Domingo García-Sabell, Rof Carballo, Carlos Maside, Celestino Fernández de la Vega e Jacinto de Prado Coelho].

"Pra unha filosofía da saudade", en *La saudade*, Vigo: Galaxia, 1953, pp. 11-39. [Colaboran no volume Domingo García-Sabell, Rof Carballo, Xesús Alonso Montero, Elías de Tejada, Francisco Fernández del Riego, Lois Tobío e Manuel Vidán]

"Carta a Leonor e Francisco da Cunha Leão. (Sobre a personalidade e a obra de Otero Pedrayo)", en *Homenaxe a Ramón Otero Pedrayo no LXX aniversario do seu nacimento*, Vigo: Galaxia, 1958, pp. 173-198. [Recollida posteriormente en *Olladas no futuro*, Vigo: Galaxia, 1974, pp. 118-141 e tamén no volume 113 da Biblioteca 114 de *El Correo Gallego*: Ramón Piñeiro, *Cartas para os amigos*, edic. non venal, Santiago de Compostela: Editorial Compostela/El Correo Gallego, 1992, pp. 31-56].

"Otero Pedrayo, orador", en *Ramón Otero Pedrayo: a súa vida e a súa obra: homenaxe da Galicia universal*, Caracas: Centro Galego, 1958, pp. 41-43.

"O pensamento galego", en *O porvir da lingua galega*, Lugo: Círculo de las Artes / Instituto de Estudios, 1968, pp. 67-73.

"Galician in Luso-Brazilian Studies", en Raymond S. Sayers (ed.), *Portugal and Brazil in Transition: VI Colóquio Internacional de Estudos Luso-Brasileiros (Harvard/Columbia) 1966*, Minneapolis: Minn., University of Minnesota Press, 1968, pp. 47-50 [Traducida ó galego no artigo "Galicia nos estudos luso-brasileiros", en *Grial*, tomo V, nº 18, 1967, pp. 457-459 e reeditada en Ramón Piñeiro, *Olladas no futuro*, Vigo: Galaxia, 1974, pp. 184-188].

"Xustificación do Primeiro Seminario encol do Libro Galego", en *Primeiro Seminario encol do Libro Galego*, 1972, Sada/A Coruña: Ediciós do Castro, 1974, pp. 61-67.

"Vicisitudes históricas da cultura galega", en *Inauguración da Galería Sargadelos en Madrid*, Sada/A Coruña: Ediciós do Castro, 1975, pp. 103-119. [Colección Cuadernos del Laboratorio de Formas de Galicia, nº 4. Reprodúcense as conferencias de Ramón Piñeiro, Domingo García-Sabell, Rof Carballo e Rafael Dieste].

"*Ronsel* (1924-1974)",en *Ronsel. Revista de arte*, Barcelona: Sotelo Blanco, 1982. [Edición facsimilar][Colaboración incluída no número conmemorativo do cicuentenario de *Ronsel,* 15-I-1975, p. 48]

"Lembrando a Castelao", en VV.AA., *Ciclo Castelao*, A Coruña: Servicio de Publicaciones del Club de Dirigentes de Empresa de la Cámara de

Comercio, 1976, pp. 19-30. [Colaboran tamén nesta publicación Fernando Mon Rodríguez e Sebastián Martínez Risco].

"Castelao e Pondal, dúas visións da nosa historia", en VV.AA., *Homenaxe a Castelao*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago, 1976, pp. 55-59.

"O pasado e o futuro do Seminario de Estudos Galegos", en *Testemuñas e perspectivas en homenaxe ao Seminario de Estudos Galegos*, Sada/A Coruña: Ediciós do Castro, 1978, pp. 123-26.

"Carlos Maside na miña lembranza", en *Maside: un pintor para unha terra*, Santiago de Compostela: Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, 1979, pp. 33-48.

“Evolución cultural de Galicia”, en *Evolución cultural de Galicia: Ciclo de conferencias pronunciadas en el auditorio de Caixa de Aforros de Vigo en el año 1987*, Vigo: Caixa de Aforros, [1988], s.p.

"Lembrando a Luís Pimentel", en *Luís Pimentel* (1895-1958) *Unha fotobiografía*, Vigo: Xerais, 1990, pp. 9-16.

"Presencia de Valentín Paz Andrade no galeguismo", en *Paz Andrade. Homenaje*, Pontevedra: Servicio de Publicacións da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, 1991, pp. 89-95.

"A poesía de Lois Pimentel na lírica galega", en *Galicia desde Londres (Galicia, Gran Bretaña e Irlanda nos programas galegos da BBC, 1974-1995)*, A Coruña: Tambre, 1994, pp. 230-233. [Edición de A. Raúl de Toro Santos].

"Rosalía na voz de outros poetas", en *Arredor do Centenario de Rosalía, 1985*, Vigo: Patronato Rosalía de Castro, 1995, pp. 90-91. [Edición de X. Amancio Liñares Giraut].

"Parolar con Rafael Dieste", en *Rafael Dieste, un creador total*, Vigo: Galaxia, 1995, pp. 85-88. [Previamente en *Grial*, nº 78, outubro-decembro de 1982, pp. 467-469].

"Emilio González López", en AA.VV., *Actas do IV Congreso Internacional de Estudios Galegos (Universidade de Oxford, 26-28 setembro de 1994)*, Oxford: Oxford Center for Galician Studies, 1997, pp. 617-625.

"Resposta ó discurso de Marino Dónega", en *Presencia de Castelao na Academia: textos inéditos e outras páxinas*, A Coruña: Real Academia Galega, 1999, pp. 43-45. [Edición de Xesús Alonso Montero].

REAL ACADEMIA GALLEGA

# A LINGOAXE I AS LÍNGOAS

DISCURSO LÍDO O DÍA 25 DE NOVEMBRO DE 1967
NA SÚA RECEPCIÓN PÚBLICA, POR

DON RAMÓN PIÑEIRO LÓPEZ

E RESPOSTA DE

DON DOMINGO GARCÍA-SABELL

EDITORIAL GALAXIA
1967

A lingua galega foi tema reiterado nos escritos de Ramón Piñeiro.

RAMÓN PIÑEIRO

# LUIS PIMENTEL



PUBLICACIÓNS DA REAL ACADEMIA GALEGA
A CORUÑA
1990

Luís Pimentel foi o poeta predilecto de Ramón Piñeiro.

## IV. Prólogos, limiares, edicións.

"Carta a Novoneyra". Prólogo a *Os eidos*, de Uxío Novoneyra, Vigo: Galaxia, 1955. [Reproducido en Novoneyra, 1. *Os eidos*. *Libro do Courel*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1985, pp. 225-229].

"Limiar" a *As covas do rei Cintolo*, de Daniel Cortezón, Vigo: Galaxia, 1956.

"Limiar" a *50 Dibuxos de Carlos Maside*, Vigo: Galaxia, 1959.

"As andadas literarias de Méndez Ferrín". Prólogo a *O crepúsculo e as formigas*, de Xosé Luís Méndez Ferrín, Vigo: Galaxia, 1961.

"Prólogo" a *Vicente Risco na cultura galega*, de Ramón Lugrís, Vigo: Galaxia, 1963. [Colección Illa Nova].

"Prólogo" a *Separatismo y unidad: Una mitificación histórica*, de Eduardo Menéndez-Valdés Golpe. Madrid: Seminarios y Ediciones, 1973.

"Limiar" a *Autonomías e Constitucións* (*Notas para un debate estatutario galego*), de Anxo Teixeiro Piñeiro, Santiago de Compostela: Follas Novas, 1978. [Colección Alexandre Bóveda].

"Prólogo" a *Queixumes dos pinos* de Eduardo Pondal, A Coruña: La Voz de Galicia, 1979.

"Volvendo ao rego". Limiar a *Parábolas chairegas*, de Xosé M. Carballo Ferreiro, Vigo: Castrelos, 1981.

"Nova aproximación a unha filosofía da saudade". (Discurso lido na recepción pública do 20 de xuño de 1980, por Andrés Torres Queiruga e resposta de Ramón Piñeiro), A Coruña: Real Academia Galega, 1981.

"Limiar" a *A información: o caso galego*, de Vicente González Radío, Santiago de Compostela: Edicións do Cerne, 1983, pp. 7-10.

"Prólogo" a *A revelación de Deus na realización do home*, de Andrés Torres Queiruga, Vigo: Galaxia, 1985.

"Limiar" a *Viaxes con Ánxel Fole*, de Manuel Rodríguez López, Sada/A Coruña: Ediciós do Castro, 1988, pp. 5-6.

"Prólogo" a *Galicia y la poesía*, de Julieta Gómez Paz, Sada/A Coruña: Ediciós do Castro, 1988, pp. 7-11.

*Luís Pimentel*, A Coruña: Real Academia Galega, 1990. [Edición, estudio introductorio e escolma de textos de Ramón Piñeiro].

"Limiar" a *A memoria e os amigos*, de Marino Dónega, Vigo: Publicacións da Fundación Otero Pedrayo, 1994.




En *Grial* comezou a publicar Ramón Piñeiro as súas memorias.




Carlos Casares foi confidente das lembranzas e vivencias de Ramón Piñeiro.

## V. Traduccións.

Julius Pokorny, *Cancioeiro da Poesía Céltiga*, Santiago de Compostela: Editorial Bibliófilos Gallegos, 1952 [Versión galega do *Altkeltische Dichtungen* (1944) de Julius Pokorny. Traducción de Celestino Fernández de la Vega e Ramón Piñeiro].

Martin Heidegger, *Da esencia da verdade*. (Con unha carta-prólogo especial para ista edición), Vigo: Galaxia, 1956 [Traducción do orixinal alemán *Von Wessen der Wahrheit*, introducción e notas de Celestino Fernández de la Vega e Ramón Piñeiro].







Dous textos de Ramón Piñeiro publicados como minilibros por Galaxia




A primeira publicación do Centro Ramón Piñeiro
homenaxeou o autor de *Filosofía da saudade*.

## VI. Colaboracións en revistas e xornais.

***Anduriña*** (Santiago de Compostela)

"O meu primeiro encontro coa emigración", nº 1, 1985, pp. 6-7.

"Galicia no arte de Castelao", nº 4, 1986, p. 31.

***Anthropos*** (Barcelona)

"Castelao, político", nº 65, 1986, pp. 38-41 [Castelao aparece como autor/tema monográfico deste número da revista no que, con achegas sobre Castelao, colaboran tamén Isaac Díaz Pardo, Claudio Rodríguez Fer, Siro López e Francisco Fernández del Riego].

***Aturuxo*** (Ferrol)

"Galicia e Rosalía na poesía de Luis Pimentel", nº 10, (13-II-1960).

***Boletín Auriense*** (Ourense)

"Sobre o pensamento galego da Xeración Nós", tomo 5, 1975, pp. 31-35.

***Boletín Editorial Galaxia*** (Vigo)

"Otero Pedrayo e Galaxia", nº 3, xaneiro-febreiro-marzo, 1988.

"Significado de *Grial*", nº 7, xaneiro-febreiro-marzo, 1989.

***Boletín de la Real Academia Gallega*** (A Coruña)

"Mestre da conciencia Galega", nº 357, tomo 32, 1975, pp. 106-108 [O artigo está referido á figura de Castelao].

***Caderno do espectáculo / Compañía de Teatro Luís Seoane*** (A Coruña)

"Don Ramón e os precursores", nº 3, outubro, 1981, p. 10 [subtitulado *A casa das tres lúas* e referido á figura de Ramón Otero Pedrayo, autor da obra citada].

***Casa Galicia. Unidad Gallega*** (Nova York)

"A Língoa Galega Na Nosa Universidade", Memoria anual correspondente ó ano 1962.

***Colección Grial*** (Vigo)

"Siñificado metafísico da saudade (Notas para unha filosofía galaico-portuguesa)", nº 1, (12-VI-1951), pp. 7-25 [No número da publicación titulado *Presencia de Galicia*].

"Unamuno visto por nós", nº 1, (12-VI-1951), pp. 74-77 [No número da publicación titulado *Presencia de Galicia*].

"Carta a Álvaro Cunqueiro, trovador galego, falándolle dos males presentes de Europa e do seu remedio, dende a ladeira dun castro lugués", nº 3, (31-XII-

1951), pp. 103-107 [No número da publicación titulado *Presencia de Curros y Dª Emilia*].

"Carta a Pedro Abuín. Das tres maneiras de dialogar e das dúas maneiras de entender a cultura", nº 4, (25-XI-1952), pp. 75-80 [No número da publicación titulado *Aspectos económicos y jurídicos de Galicia*].

***Colóquio / Letras*** (Lisboa)

"Evolución do problema da lingua", nº 2, 1971, pp. 78-80.

"Martín Sarmiento, «Gran galego»", nº 10, 1972, pp.64-66.

"A expansión crecente da lingua galega", nº 8, 1972, pp. 75-77.

***Coordenadas*** (Santiago de Compostela)

"Álvaro Cunqueiro e a fidelidade á lingua", nº 2, 1982, pp. 14-16 [Número de Homenaxe a Álvaro Cunqueiro].

***Cuadernos del Laboratorio de formas de Galicia*** (Sada/A Coruña)

"Vicisitudes históricas de la cultura gallega", nº 4, 1975, pp. 21-35 [Este número catro da revista reproduce a conferencia lida por Ramón Piñeiro o 23 de abril de 1975 en Madrid co gallo da inauguración da galería Sargadelos].

"Vicisitudes históricas da cultura galega", nº 4, 1975, pp. 105-119 [Este número catro da revista reproduce

a conferencia lida por Ramón Piñeiro o 23 de abril de 1975 en Madrid co gallo da inauguración da galería Sargadelos].

"O pasado e o futuro do Seminario de Estudios Gallegos", nº 5, 1978, pp. 125-126 [Este número cinco da revista titúlase *Testemuñas e perspectivas en homenaxe ao Seminario de Estudos Galegos*. Inclúe unha pequena bibliografía de Ramón Piñeiro].

***El Eco de las Mariñas*** (Betanzos)

"La revolución cultural de la lengua gallega", ano I, nº 5, 16 de abril, 1956.

***Encrucillada*** (Pontevedra)

"Algunha consideración sobre a abstención", nº 21, xaneiro-febreiro, 1981, pp. 3-7.

***Escritos*** (Lugo)

"Galeguismo", nº 4, maio, 1960.

***Faro de Vigo*** (Vigo)

"Castelao e os amigos", ano I, nº 27, (29-VII-1983), p. 157 [Publicado no suplemento "Artes e Letras"].

"O universo de Álvaro Cunqueiro", (2-III-1984), p. 72.

"O noso ministro no exilio", ano II, nº 74, (28-VI-1984), p. 202 [Publicado no suplemento "Artes e Letras"].




En *Anthropos* volveu de novo sobre a figura de Castelao.




Piñeiro estivo presente nas páxinas de *Yunque,* fundada e dirixida polo seu amigo Ánxel Fole.

***Folhas de Cibram*** (Santiago de Compostela)

"Lembrando a D. Ramón Otero Pedrayo no centenario do seu nacemento", tomo I, nº 0, xullo, 1988, pp. 17-23.

***Galicia*** (Bos Aires)

"A língoa, sangue do esprito", nº 466, 1952, pp. 20-22 [Reeditado en *Vieiros*, I, 1959, s.p.; posteriormente baixo o título "A língua, sangue do espírito", en Ramón Piñeiro, *Olladas no futuro*, Vigo: Galaxia, 1974, pp. 33-37; reproducido, anos despois, na "Mínima muestra antológica de textos piñeiranos", en *Galicia en Madrid*, nº 39, 1991, pp. 13-19 e finalmente en Gonzalo Constenla Bergueiro (ed.), *Ensaio sociolingüístico. Antoloxía*, Vigo: A Nosa Terra / ASPG, 1997, pp. 33-37 (Colección A Nosa Literatura, nº 44)].

"A lingua galega no ensino", nº 573, 1970, p. 74.

"O poder da cultura", nº 628, 1982, pp. 16-17.

***Galicia Emigrante*** (Bos Aires)

"A poesía de Luís Pimentel", nº 9, febreiro, 1955, pp. 3-4.

"Carta a Ana Campos sobre Teixeira de Pascoães en Galicia", nº 13, agosto, 1955, pp. 4 e 22 [Posteriormente en *Olladas no futuro*, Vigo: Galaxia, 1974, pp. 47-50].

"Carta a Jacinto de Prado Coelho", nº 28, maio, 1957, pp. 8-24 [Incorporado posteriormente a *Olladas no futuro*, Vigo: Galaxia, 1974, pp. 77-82].

***Gaveta*** (A Coruña)

"Sobre a sona poética de Pimentel", nº 1, maio, 1990, p. 4.

***Grial*** (Vigo)

"Gallegos de fuera de Galicia: Emilio González López", tomo I, nº 1, 1963, pp. 87-88.

"A Filosofía i o Home", tomo I, nº 2, 1963, pp. 113-119.

"Galegos fóra de Galicia. Ernesto Guerra da Cal", tomo II, nº 5, 1964, pp. 383-385.

"La insumisión gallega: mártires y rebeldes, por Emilio González López", tomo II, nº 6, 1964, pp. 532-534.

"Francisco Sánchez, el escéptico, por Darío Álvarez Blázquez", tomo III, nº 7, 1965, pp. 114-115.

"Platón en galego", tomo III, nº 10, 1965, pp. 439-441.

"Platero e máis eu", tomo IV, nº 11, 1966, p. 125.

"El Pórtico de la Gloria –Autor e Interpretación–, de Rafael Silva y J. R. Barreiro Fernández", tomo IV, nº 11, 1966, pp. 119-120.

"Castelao no arte galego, por Carlos A. Zubillaga Barrera", tomo IV, nº 12, 1966, pp. 249-250.

"Carta a María Andersen", tomo IV, nº 14, 1966, pp. 393-407.

"Problemas humáns, por Eduard Spranger. Versión galega, prólogo e notas por D. García Sabell. Epílogo por Johannes S", tomo IV, nº 14, 1966, p. 496.

"Violencia y ternura, por Juan Rof Carballo", tomo V, nº 15, 1967, pp. 106-108.

"Antonio Machado na nosa voz", tomo V, nº 15, 1967, p. 120.

"Galicia nos estudos luso-brasileiros", tomo V, nº 18, 1967, pp. 457-459.

"'Ao pé de cada hora' por Salvador García-Bodaño", tomo VI, nº 19, 1968, pp. 112-113.

"O misterio da Saudade, por José Antonio Tobías", tomo VI, nº 19, 1968, pp. 107-108.

"Libro de Xob. O Eclesiastés. A Cántiga das Cántigas (Sobre a versión galega de M. Casado Nieto)", tomo VI, nº 20, 1968, pp. 239-240.

"Carta a Jean Pierre García", tomo VI, nº 22, 1968, pp. 425-431.

"Realismo y conciencia crítica en la literatura gallega, por Jesús Alonso Montero", tomo VII, nº 24, 1969, pp. 249-251.

"Separatismo e Unidade. Unha mitificación histórica, por Eduardo Menéndez-Valdés Golpe", tomo IX, nº 31, 1971, pp. 113-114.

"Saudade no bulleiro, por Manuel Rodríguez López", tomo IX, nº 31, 1971, p. 123.

"Retorno a Tagen Ata, por X. L. Méndez Ferrín", tomo IX, nº 32, 1971, pp. 238-239.

"Un caso de lycantropía (O Home-Lobo), por Vicente Risco", tomo IX, nº 32, 1971, pp. 244-245.

"Gallego 1, Instituto de la Lengua Gallega", tomo IX, nº 33, 1971, pp. 363-364.

"El folklore en los castros gallegos, por José M. González Reboredo", tomo IX, nº 33, 1971, pp. 371-372.

"Xente de aquí e de acolá, por Álvaro Cunqueiro", tomo IX, nº 34, 1971, pp. 497-498.

"Sobre lingua e literatura galega, por Ricardo Carballo Calero", tomo IX, nº 34, 1971, pp. 503-504.

"Poetas gallegos de postguerra, por Basilio Losada", tomo X, nº 35, 1972, pp. 111-112.

"Cartas a Lelo, por Xosé Neira Vilas", tomo X, nº 35, 1972, pp. 115-116.

"Gramática portuguesa, por Pilar Vázquez Cuesta y María Albertina Mendes da Luz", tomo X, nº 38, 1972, p. 499.

"Humor 1971, por Siro", tomo X, nº 38, 1972, p. 506.

"Carta a Don Manuel Rodrigues Lapa", tomo XI, nº 42, 1973, pp. 389-402 [Reeditado en Ramón Piñeiro, *Olladas no futuro*, Vigo: Galaxia, 1974, pp. 261-279 e posteriormente en Ramón Piñeiro, *Cartas para os amigos*, ed. non venal, Santiago de Compostela: Ed. Compostela / *El Correo Gallego*, 1992, pp. 63-48 (nº 113 da Colección Biblioteca 114)].

"Dialéctica existencial y psicoanálisis, por J. M. López Nogueira", tomo XII, nº 43, 1974, pp. 108-109.

"Contos da néboa, por Ánxel Fole", tomo XII, nº 43, 1974, pp. 115-116.

"Xohán Vicente Viqueira", tomo XII, nº 44, 1974, pp. 215-218 [Reeditado en Ramón Piñeiro, *Olladas no futuro*, Vigo: Galaxia, 1974, pp. 230-239].

"En percura do Castelao verdadeiro", tomo XIII, nº 47, 1975, pp. 17-23.

"Importancia decisiva da Xeración Nós", tomo XVI, nº 59, 1978, pp. 8-13.

"A Galicia de Seoane", tomo XVII, nº 65, 1979, pp. 288-292.

"A personalidade política de Fermín Penzol", tomo XIX, nº 73, 1981, pp. 279-288.

"Parolar con Rafael Dieste", tomo XX, nº 78, 1982, pp. 467-469.

"Lembrando ó Cilistro", tomo XXV, nº 95, 1987, pp. 13-22.

"Os contos de Ánxel Fole", tomo XXV, nº 95, 1987, pp. 113-114.

"25 anos de *Grial*", tomo XXVI, nº 100, 1988, pp. 135-137.

"Heidegger na cultura galega", tomo XXVII, nº 103, 1989, pp. 384-389.

"Da miña acordanza", tomo XXIX, nº 111, 1991, pp. 341-351 [Número de homenaxe no primeiro aniversario da súa morte].

"Documentos políticos. Consello de Galicia", tomo XXIX, nº 111, 1991, pp. 353-359 [Número de homenaxe no primeiro aniversario da súa morte].

"Documentos políticos. Acusacións que se nos fan", tomo XXIX, nº 111, 1991, pp. 360-368 [Número de homenaxe no primeiro aniversario da súa morte].

"Documentos políticos. Castelao", tomo XXIX, nº 111, 1991, pp. 369-376 [Número de homenaxe no primeiro aniversario da súa morte].

"Documentos políticos. Cultura e política", tomo XXIX, nº 111, 1991, pp. 377-381 [Número de homenaxe no primeiro aniversario da súa morte].

"Documentos políticos. Balance do noso labor", tomo XXIX, nº 111, 1991, pp.382-388 [Número de homenaxe no primeiro aniversario da súa morte].

"Documentos políticos. Conclusións", tomo XXIX, nº 111, 1991, pp. 389-395 [Número de homenaxe no primeiro aniversario da súa morte].

"Carta de Ramón Suárez Picallo", tomo XXIX, nº 111, 1991, pp. 397-409 [Número de homenaxe no primeiro aniversario da súa morte].

"Correspondencia con Rodolfo Prada", tomo XXIX, nº 111, 1991, pp.410-425 [Número de homenaxe no primeiro aniversario da súa morte].

"Correspondencia con Rof Carballo", tomo XXIX, nº 111, 1991, pp. 426-446 [Número de homenaxe no primeiro aniversario da súa morte].

"Cartas de Celestino Fernández de la Vega", tomo XXIX, nº 111, 1991, pp. 447-453 [Número de homenaxe no primeiro aniversario da súa morte].

"Cartas de Ramón Piñeiro", tomo XXIX, nº 111, 1991, pp. 454-462 [Número de homenaxe no primeiro aniversario da súa morte].



# O meu primeiro encontro coa emigración

**Ramón Piñeiro escribe para ANDORIÑA**

*Na experiencia de case tódolos galegos hai algunha forma de contacto coa emigración. Algúns porque a viven directamente, outros porque a padecen pasivamente —lembremos senón as «viudas de vivos e mortos» de Rosalía—, e outros moitos por convivencia cos reflexos que a emigración ten* **nos que se quedan,** *que tamén son diversos. Así, houbo tempos en que moitos nenos galegos aprenderon a ler e escribir en escolas creadas polos emigrantes; e innumerables familias que poideron redimir os foros, facéndose así donos das terras que viñan traballando, con diñeiro que lles viña dos parentes que tiñan en América. Pero tamén nenos que se criaban sen pai, ó coidado dunha nai que se quedara sen marido porque llo levara a emigración, o mesmo que hoxe vemos tantos e tantos pais que van envellecendo comestos pola tristura da soedade porque os fillos, unha vez criados, emigraron todos a Europa e, cando veñen para se quedar, cambian de vida e non queren voltar para a casa e as leiras dos antepasados. A casa, herdada dos maiores e fogar vivo da continuidade familiar, ó perder ese horizonte de continuidade vaise convertindo para os pais solitarios nunha tumba espiritual.*

*Eu tamén tiven ó longo da vida bastantes contactos coa emigración. E, na miña acordanza, o primeiro de todos tíveno de moi neno e vén ser algo así coma unha breve luzada na zona escura da memoria infantil, coma un estrelampo entre nubes. Tiña entre catro e cinco anos e a miña nai botou os cochos ó camiño, sentouse diante da casa cun queipo de espigas de millo para degrañar e mandóunos á miña curmá Ofelia e mais a min que fosemos astra a corredoira de Penedo para tornar que non pasasen de alí os cochos.*

*Era unha mañá de sol. O camiño estaba bordeado por dúas ringleiras de carballos que facían unha especie de bóveda vexetal pola que se filtraban faragullas de sol sobre os seixos do camiño. Os porcos comían afanosamente as landras caídas polo chan. A miña curmá e mais eu puxémonos a xogar intentando facer unha casiña con pedras e garabullos; e, cando nos cansamos dese xogo, ela foi a un regueiro que pasaba perto de alí e na cunca das mans traía auga que ía botando nun pequeno pozo que fixera antes arrecadando terra do camiño. E puxémonos a amasar a terra coa auga e a facer bolos coa masa.*

*Estando nese labor, miña nai recolleu os porcos e chamounos a nós. A Ofelia quixo que nos fosemos para a casa, pero eu, entusiasmado coa operación de amasar a terra, non quixen, e para impedilo púxenme a rifar. A miña prima enfadouse, subiuse á parede da cortiña de Penedo e sentouse sen decir palabra. O cabo de algún tempo ergueuse e, de pé sobre a parede, púxose a ollar para o lado contrario ó camiño, no que eu xa me aburría de xogar en solitario. Rompín o silencio e pregunteille:*

*—Ofelia ¡qué ollas?*
*—Ollo os* **cas do monte**
*—¿E cómo son os cas do monte?*
*—Son grandes*
*—¡Moi grandes!*
*—Grandísimos*
*—¿E qué fan?*

RAMÓN PIÑEIRO (Láncara, Lugo, 1915) é tal vez a personalidade que exerceu un influxo máis constante na vida cultural e política da Galicia deste século. Fundador da Editorial Galaxia en 1950, esta institución significa a resistencia máis eficaz que Galicia plantexou como defensa da cultura durante os duros anos do franquismo. É membro da Real Academia Galega desde 1967, deputado do primeiro Parlamento Galego, presidente do Consello da Cultura Galega e autor de traballos decisivos sobre aspectos diversos da nosa indentidade: Significado metafísico da saudade, A saudade en Rosalía, Para unha filosofía da saudade, Olladas no futuro, etc.

En *Anduriña* escribiu sobre Castelao e tamén sobre a emigración.



Luis Pimentel na miña lembranza

Para a maioría dos lectores actuais da obra de Pimentel, o que poden apreciar nela son os valores poéticos en si mesmos. Para os que o tratamos e fomos amigos seus, ademáis dos valores poéticos a lectura dos seus poemas evócanos a personalidade humana do poeta.

Coñecín a Pimentel no ano 33 pola mediación de Anxel Fole. Desde entón uniunos ós tres unha fonda e fraterna amistade. Pasamos moitas, moitas tardes xuntos na sua casa da calle Aguirre e alí xurdíu a idea de se incorporaren os dous á literatura galega, o Fole con un libro de contos e o Pimentel con un libro de poemas. Como primeiro paso, no ano 35 publicaron Pimentel dous poemas e Fole dous contos nos números 133 e 137-138 da revista "Nós".

Nas nosas xuntanzas, cada vez máis frecuentes, Pimentel líanos os poemas que pensaba incluir no libro. Decidimos que o Día de Galicia do ano 36 debía ser a data da aparición dos dous libros. Fole foi escribindo os seus sete contos – tiña decidido que fosen sete – e Pimentel foi compoñendo o seu con poemas do "Diario dun médico de guardia", ós que incorporou outra sección titulada "Horas" e outra que iba escribindo e que se titulaba "Oracións".

Os orixinais dos libros estaban na editorial Nós de Santiago e chegaron a se lle enviar as probas de imprenta correxidas. Como é ben sabido, a guerra civil que se iniciou o 18 de xullo atrancou a aparición dos dous libros.

Ora, Fole e mais eu escoitamos todolos poemas lidos para nós polo poeta. Eu conservo viva a lembranza da voz e da expresión de Pimentel cando nolos lía, así como o seu interés cando os comentabamos. Esto seguíu ocurrindo despois da guerra, algunha vez coa presencia de Fole, moitas veces sós nolos dous e ás veces con outros amigos que eu levaba para que coñecesen persoalmente a Luís.

Con estes antecedentes compréndese ben que para min, e supoño que para outros amigos do poeta, ler os seus poemas é sentir a voz e a presencia espiritual de Pimentel.

Ramón Piñeiro

Texto manuscrito sobre Pimentel publicado en *Nordés* en 1990.

***Guieiro*** (Montevideo)

"A lingua, sangue do esprito", nº 1, abril, 1965.

***El Ideal Gallego*** (A Coruña)

"Castelao, inmensa forza mítica dun símbolo inmortal", (5-I-1975), p. 9.

***Ínsula*** (Madrid)

"Factores esenciales de la literatura gallega", nº 152-153, xullo-agosto, 1959, p. 13.

"*Contribución ao estudio das fontes literarias de Rosalía*", nº 152-153, xullo-agosto, 1959, p. 17 [Recensión da obra do mesmo título da autoría de Carballo Calero].

"*Grandeza y decadencia del reino de Galicia*", nº 152-153, xullo-agosto, 1959, p. 17 [Recensión da obra do mesmo título da autoría de Emilio González López].

"*Diccionario enciclopédico gallego-castellano*", nº 152-153, xullo-agosto, 1959, p.17 [Recensión da obra do mesmo título da autoría de Eladio Rodríguez González].

***Lar*** (Bos Aires)

"Un poema da emigración", nº 236-237, 1953, p. 41.

"Rosalía, Pondal, Curros", nº 260-262, 1955, p. 21.

"Carballo Calero, intérprete da nosa lingua", nº 272-274, 1956, p. 32.

***Man Común*** (A Coruña)

"A derradeira conversa con Bóveda", nº 0, xullo, 1980, pp. 4-5.

"Galaxia e o frente cultural", nº 7, febreiro, 1981, p. 35.

***La Noche (Suplemento del sábado)***,[3] (Santiago de Compostela)

"A poesía de Luís Pimentel", suplemento nº 5, (26-XI-1949), p. 2.

***Nordés*** (A Coruña)

"Rosalía e Galicia", nº 2-3, 1975, pp. 27-28.

"Luís Pimentel na miña lembranza", nº 14, (14-V-1990), p. 24.

***A Nosa Terra*** (Vigo)

"Rosalía: cen anos despois", nº 1, 1984, p. 33 [Número monográfico titulado *Rosalía de Castro* (1837-1885)].

***A Nosa Terra*** (Bos Aires)

"Castelao", nº 474, (25-VII-1950), p. 18 [Reeditado posteriormente en *La Voz de Galicia*, (5-I-1975), p. 25].

***Opinión Gallega*** (Bos Aires)

"O primeiro crásico galego", nº 147, xaneiro, 1954, p. 6 [O escrito fai referencia a Castelao. Aparece poste-

[3] Asinado baixo o pseudónimo *Luis Veiga do Campo*.

riormente reeditado en *Almanaque 1950-1975*, Vigo: Galaxia, 1974, pp. 150-151].

***Outeiro*** (A Coruña)

"O pensamento político de Castelao", nº 13, xuño de 1984, pp. 21-22.

***Quatro Ventos*** (Braga)

"Sobre a siñificación Galego-Portuguesa de Rosalía" (Carta a Jacinto do Prado Coelho), nº 7, tomo III, outubro de 1955.

***Seara Nova*** (Lisboa)

"Perspectiva galega do problema peninsular", nº 1260-1261, ano XXXI; 6, 13, 20 e 27 setembro de 1952, pp. 1-4.

***Tapal*** (Noia)

"Transcendencia social do idioma", nº 7, 1953, p. 14 [Reeditada en *Galicia emigrante*, nº 3, agosto 1954, p. 3; posteriormente aparece tamén no volume Ramón Piñeiro, *Olladas no futuro*, Vigo: Galaxia, 1974, pp. 66-67 e finalmente en Gonzalo Constenla Bergueiro (ed.), *Ensaio sociolingüístico. Antoloxía*, Vigo: A Nosa Terra / ASPG, 1997, pp. 39-41 (Colección A Nosa Literatura, nº 44)].

***La Torre*** (Porto Rico)

"Cartas de Ramón Piñeiro a Matilde Albert", nº 10, outubro-decembro, 1998, pp. 899-920.

***Vamos*** (Santiago de Compostela)

"Editorial", nº 4, 1953.

***Vieiros*** (México)

"A língoa sangue do espírito", verán de 1959, pp. 51-52.

"Galicia, Portugal, Brasil", outono de 1962, p. 59.

"Galaxia e a cultura galega", outono de 1965, p. 56.

***La Voz de Galicia*** (A Coruña)

"Artista do pobo", (1-III-1970) [En "Los domingos de La Voz"].

"Castelao", (5-I-1975), p. 25 [Neste mesmo día o xornal inclúe un aviso sobre unha conferencia que Ramón Piñeiro pronunciará o 7 do mesmo mes en Pontevedra: "Lembrando a Castelao"].

"Fóisenos o Álvaro Cunqueiro", (5-III-1981).

"Pesar en el mundo de la cultura y reconocimiento a su gran labor empresarial", (19-IV-1987) [O texto recolle unhas palabras de diferentes persoeiros –entre eles Ramón Piñeiro– con motivo do pasamento de Emilio Rei Romero].

"As actitudes activas ante o referendum", (14-XII-1980), s.p. [En "Especial Referendum 1", incluído en "Voz 7/días". Suplemento de *La Voz de Galicia* dentro da edición dominical].

***Yunque***[4] (Lugo)

"Racionalización da Política", nº 6, 1932.

---

[4] Asinado baixo o pseudónimo *Luis de Veiga*.

Este número 3 dos *Cadernos Ramón Piñeiro* rematouse de imprentar no obradoiro de Gráficas ATV, en Santiago de Compostela, o día 22 de novembro de 2003, festividade de Santa Icía.